



BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS PROFESIONAIS EN MATERIA DE INTERNACIONALIZACIÓN EMPRESARIAL, RESOLUCIÓN DO 6 DE XULLO DE 2026, PUBLICADA NO DOG Nº 125 DE 7 DE XULLO DE 2026

ACTA 4

SOBRE A ACREDITACIÓN DO NIVEL DE IDIOMAS INDICADOS NA SOLICITUDE (INGLÉS, CHINÉS, ALEMÁN E/OU FRANCÉS) (ART. 4.4 e 5.2) E CERTIFICADOS ADMITIDOS (ANEXO II DAS BASES)

1. Segundo o establecido no artigo 4 das bases: “Deberá acreditarse o nivel mínimo de idioma inglés B2. Esta capacidade acreditarase mediante unha das dúas opcións seguintes:
 - a. A realización dun exame en que os aspirantes deberán demostrar como mínimo un nivel B2 do Marco común europeo de referencia para as linguas.
 - b. Achegar algún dos certificados de idioma inglés relacionados no anexo II destas bases, sempre que este teña menos de tres anos de antigüidade na data de fin do prazo de presentación de solicitudes”.
2. Segundo o establecido no artigo 5 das bases: “Opcionalmente, os candidatos, ademais de examinarse de inglés, poderán indicar na solicitude ata dous idiomas adicionais dos que queiran examinarse. Os idiomas adicionais dispoñibles son: chinés, alemán e francés. O exame non será necesario se se pode acreditar o nivel de idioma achegando o certificado do idioma correspondente segundo o cadro de equivalencias incluído no anexo II, sempre e cando o dito certificado teña menos de tres anos de antigüidade na data de fin de prazo de presentación de solicitudes”.

O COMITE DE SELECCIÓN ACORDA

1. A efectos de acreditar o nivel de idiomas o solicitante poderá presentar un dos certificados admitidos, presentarse ás probas de idiomas ou exercer ambas accións. No caso de que tendo presentado un certificado válido de idioma e presentado á proba de idiomas



organizada polo Igape fose puntuado cun nivel inferior manterase o nivel acreditado mediante o certificado válido.

2. A maiores dos incluídos no Anexo II das bases, considéranse tamén válidos para acreditar o nivel de idioma inglés os seguintes certificados:

- British Council Aptis-Esol
- British Council IELTS
- Cambrigde Esol
- Centro de Linguas Modernas da UDC
- TOEIC

3. Soamente serán valorables aqueles certificados achegados ao expediente ata o 03/09/2026.

En Santiago de Compostela, na data da firma electrónica.

A subdirectora do Área de Internacionalización do IGAPE

Placeres Conde Suárez